

Granito

1

Un día de verán de forte sol, hai aproximadamente 94.000 anos, produciuse o impacto do asteroide que despois nomearían 1972 BL418, de 11,2 quilómetros de diámetro, unhas trescentas toneladas de peso e traxectoria indeterminada, contra o planeta Hubbier 8, o menor do sistema de Amer-Safy, situado na periferia da galaxia anana Telémaco, é dicir, a uns 2,3 anos luz do noso Sistema Solar. O resultado da brutal colisión foi a destrución total do asteroide e a fragmentación parcial do planeta. Os restos mesturados de ambos, formados maiormente por rochas magmáticas e metamórficas con preponderancia de metais, silicatos, sales e compostos carbonatados, saíron despedidos en todas as direccións.

Dalgunha maneira misteriosa, o suceso foi percibido por seres antigos do noso planeta e foi cicelado en trazos esenciais sobre o granito, polo menos, nos cotarelos de Sbyssos, ao sur de Tebas, en diversos puntos dos Ghats Occidentais, na India, e nos Médanos de Samalayuca, México.

No século XIII antes da nosa era, un sacerdote amgotko de nome Kiofis transcribiu a noticia da catastrófica efeméride en signos xeroglíficos con cálamo e tinta de cinza sobre pergameo, engadíndolle comentarios interpretativos de carácter técnico-máxico. Un destes comentarios vencellaba o fenómeno a acontecementos de trascendencia universal, segundo o pensamento determinista propagado pola escola de Haimser á que pertencia o amgotko. Árabes e gregos coñeceron o pergameo de Kiofis a través de copias realizadas por escolares pitagóricos en Alexandreia no século IV a.C., e a partir delas compuxeron as súas propias versións nas súas linguas, versións que, a xeito de esexeses, se foron facendo dispareces segundo cada copista.

Tal circunstancia explicaba que, no ano 628, o frade bieito Fabiano de Sigüenza, encargado polo papa Honorio de compilar en poucos volumes os coñecementos máis sobresalientes en materia de Astroloxía transmitidos desde a antigüidade pagá, dispuxese dunha vintena de orixinais semellantes no punto de partida mais diverxentes nas conclusións. Desexoso de esclarecer cal texto era o máis fiel ao orixinal, percorreu as ricas bibliotecas das abadías de Italia central na procura doutros manuscritos que lle fosen de axuda, e foi nesta pesquisa como achou, entre vetustos volumes sobrevividos á comichón do tempo e á barbarie, un estranho libro cuxa orixe ninguén lle soubo explicar e que o desconcertou. Tratábase dun pequeno tomo de vinte e catro páxinas pregadas e cosidas con fío de coiro, confeccionado cun material que non era papiro nin pergameo nin nada que se puidese recoñecer. Estaba escrito en negro con caracteres tamén inidentificábeis de fasquía xeométrica e

contiña algúns debuxos de homes, animais e plantas de trazo groseiro. O fraude esforzouse por clasificar o códice como tratado de Anatomía, mais mudou de opinión ao dilucidar que o que parecían debuxos mal feitos, en realidade, pretendían representar, a través de corpos de seres vivos, unha xeografía do universo. A curiosidade levou a Fabiano de Sigüenza a centrar os seus desvelos na interpretación daqueles caracteres, que catalogou como pre-rúnicos por carta débil analoxía coas runas que áinda se practicaban en Escandinavia. O descoido total en que caeu a encomenda do Santo Padre valeulle ao bieito unha admonición e, ante o seu progresivo afastamento dos dogmas da fe católica, a posterior expulsión da orde por desobediencia e herexía. Foi así que, tras intensos anos dedicados á consulta doutros tratados e a investigacións diversas, asegurou comprender a esencia do contido da misteriosa obra, se ben non todos os pormenores; a súa conclusión era que establecía unha similitude mecánica entre calquera forma de vida e os ciclos do cosmos, entendido este como un espazo baleiro onde os corpos celestes maiores e menores pairaban libremente. Tamén resultaba extraordinario ao considerar a Terra un astro máis no medio dos astros do ceo e sometido, polo tanto, ás leis de xestación, evolución, dependencia e destrucción que rexen no mundo natural. Fabiano de Sigüenza deixou constancia das súas consideracións a propósito do misterioso códice nun libro propio en lingua latina que titulou *Corpus Mundi*, no cal, glosando os parágrafos que dicía ter descifrado do pre-rúnico, enfatizaba o aspecto profético que se derivaba das súas teses: cando se acadasen os vinte séculos da era cristiá, caerían sobre o noso planeta un

número incontábel de corpos celestes que, como unha chuva ominosa, porían fin a todas as formas de vida e provocarían a súa fragmentación e o afundimento na nada; sería a fin da Terra, se ben non do universo. O de Sigüenza, que creu na veracidade do augurio, deixou ademais constatación precisa dos signos que habían avisar da proximidade da fatídica data: notoria alteración do comportamento dos animais domésticos, así galiñas que non peteiraban o gran, vacas que producían menos leite do habitual, cans que ladraban sen cesar, tamén dos vexetais, como acios de uvas que non chegaban a madurar, flores que murchaban sen causa, árbores cujas pólidas se mexían en ausencia de vento, e dos minerais e as cousas, como pedras que parecían palpitártar, brillos estrafños na auga ou patas de mobles que tronzaban, e mesmo das persoas, en forma de caracteres alterados, perdas do sono, letargos e excitacións, observando o propio fraude como xa na súa época se empezaban a sentir algúns destes indicios.

Semellante catálogo de constatacións empíricas puxo de moi bo humor ao profesor Pablo de Argensola, catedrático de Retórica na universidade de Salamanca, nos primeiros días de febreiro de 1787, cando concluíu a tradución da obra de Fabiano de Sigüenza ao castelán, tras un traballo concienciudo que o levou incluso a visitar as bibliotecas monacais que percorrera o bieito en Italia, e iniciaba a súa revisión para dala á imprenta. Comentáballes o profesor aos alumnos que o fraude vira sinais da intervención celeste onde, en realidade, só había manifestacións da vida na súa faceta máis común e cotiá, o cal viña demostrar que os homes erraban cando se entregaban ao escurantismo, o sub-

xectivismo irracional e as supersticións, en vez de se guiaren pola luz da ilustración e a ciencia. «Incluso a propia morte de Fabiano de Sigüenza parece darré a razón nas súas percepcións –dizia o estudososo con retranca–, xa que acabou por guindarse desde unha torre despois de perder o xuízo. Porén, ten realmente isto algo de extraordinario? Cantos de nós non nos tiraríamos desde unha torre, áinda conservando o siso, despois de escribirmos un libro semellante?» A tradución, acompañada de introdución crítica, comentarios a pé de páxina e conclusións, todo da autoría do profesor Argensola, no chegou a ser editada, pois unha descoñecida enfermidade causoulle morte repentina e, conmovidos por este feito, ningún dos seus discípulos quixo concluir o labor.

Uns vinte anos máis tarde, sería a filla habida no segundo matrimonio, Beatriz de Argensola, quen conseguiuse que o libro fose impreso. O seu empeño estaba guiado polo nobre afán de homenaxear o pai e deixar testemuña dos esforzos eruditos da Ilustración, que dera brillantez á súa época. Beatriz de Argensola faleceu ao pouco tempo como consecuencia dunha caída de cabalo, accidente sen dúbida explicábel pero cuxa difusión espertou toda sorte de cábala a respecto do libro, o que fixo que non chegase a ser distribuído para a venda. Por fin, no ano 1812, no curso da calamitosa destrucción á que o exército francés someteu os barrios do suroeste de Salamanca, o obradoiro onde fora impreso saltou polos aires quedando reducidos a po e cinzas a totalidade dos exemplares xunto con varios milleiros de volumes de autores contemporáneos. Semellante sucesión de desgrazas levou a que se asociase o nome de Fabiano de Sigüenza a algún tipo de maldición, o cal, por unha escura

ironía da vida, encaixaba dentro das supersticións que o ilustrado se esforzara en combater.

Beatriz deixou un fillo de curta idade, Porfirio Gómez de Argensola, que foi criado pola súa avoa, Cristina Aguilar, viúva de Pablo de Argensola. Previa a doazón da vasta biblioteca do catedrático de Retórica á universidade e a venda de todas as demais propiedades da familia, a anciá ordenou o traslado á cidade de Ourense, onde conservaba parentela polo lado paterno. Na familia nunca se volveu falar do texto de Fabiano de Sigüenza nin da súa tradución ao castelán, se ben se estendeu nos círculos académicos a noticia de que, entre os volumes da biblioteca do profesor, figuraba o estraño códice en alfabeto pre-rúnico sobre os seres vivos e o universo que manexara no seu día o fraude bieito.